



# Tres candidatos e un país en suspenso á 1ª volta nas eleccións presidenciais do Perú

## Description

### Un país esgotado de si mesmo

Para entender estas eleccións é necesario coñecer o camiño que atravesou o país nos últimos dez anos. Todo comezou cando, nas eleccións presidenciais de 2016, Pedro Pablo Kuczynski gañou a presidencia por un marxe máis baixo fronte a Keiko Fujimori, mentres o fujimorismo obtiña 73 dos 130 escaños do Congreso. Ese desequilibrio de poder permitido polo sistema peruano inaugurou un ciclo de confrontación entre o Executivo e o Legislativo que non parou ata hoxe (Infobae Perú, 2026a). Kuczynski renunciou en 2018 para evitar a vacancia, envolto no escándalo Odebrecht. O seu sucesor, Martín Vizcarra, foi destituído en 2020 por incapacidade moral, figura constitucional que o Congreso converteu nun instrumento político de uso case cotián, e acabou sendo condenado a catorce anos de prisión. Manuel Merino durou cinco días antes de que as protestas cidadáns o forzasen a dimitir. Francisco Sagasti asumiu como presidente de transición. Pedro Castillo gañou en 2021 cun discurso agrarista e *antiestablishment*, gobernando en medio dun caos ministerial constante ata que en decembro de 2022 intentou disolver o Congreso e gobernar por decreto, un autogolpe frustrado que acabou coa súa detención e posterior condena a once anos e medio de prisión. Dina Boluarte, a súa vicepresidenta, asumiu o cargo e sobreviviu durante máis de dous anos a múltiples intentos de vacancia, ata que o Parlamento acabou por destituíla. Isto levará a que o Legislativo elixira a José Jerón en outubro de ano pasado como presidente de transición pero acabou sendo destituído en febreiro para que finalmente José María Balcázar ocupara a presidencia de xeito interino para entregar o mando ao gañador das eleccións deste ano 2026 (Perú Mira, 2025).

O mecanismo que fixo posible todos estes cambios de presidencia foi a vacancia por incapacidade moral, contemplada no artigo 113 da Constitución. A súa natureza permite un marxe amplo ao Congreso para interpretar que condutas xustifican a destitución dun presidente. O resultado, segundo o político Alonso Cárdenas da Universidade Antonio Ruiz de Montoya, é que o Perú é xa non funciona baixo un presidencialismo clásico, sen baixo un parlamentarismo forzoso, improvisado, sen partidos fortes que estruturen o poder (Infobae Perú, 2026b). Dende 2016, o Congreso activou ese mecanismo en seis ocasións diferentes (Directorio Legislativo, 2026).

O custo humano e institucional deste ciclo é visible en todos os indicadores. Os homicidios anuais case triplicaron entre 2018 e 2025, pasando de 1.000 a 2.600 casos. As denuncias por extorsión multiplicáronse por oito no mesmo período, de 3.200 a máis de 26.500 (Infobae Perú, 2026c). O crime organizado, con vínculos internacionais e control sobre sectores como a minaría ilegal, desprázase pola xeografía peruana con maior velocidade que o Estado. Segundo enquisas previas á votación, máis do 60% dos electores acudirán ás urnas en 2026 con escepticismo ou rexeitamento cara ás institucións (Infobae Perú, 2026a). A consigna de que se vayan todos volveu a circular nas redes sociais con

forza.

O proceso electoral de 2026 incorpora dÃ³as novidades institucionais de calado. En primeiro lugar, a reintroduciÃ³n do sistema bicameral, con 130 deputados e 60 senadores por primeira vez en trinta anos, coa expectativa de que a existencia de dÃ³as cÃ¡maras complique e realentice os procesos de vacancia presidencial. En segundo lugar, novas regras de acceso a escanos que poderÃ¡an reducir drasticamente a fragmentaciÃ³n parlamentaria: segundo as proxecciÃ³ns previas, sÃ³ cinco partidos lograrÃ¡an representaciÃ³n no novo Congreso, fronte Ã¡s ducias de grupos que poboaron as lexislaturas anteriores (Directorio Lexislativo, 2026).

Ã? neste escenario no que 35 candidatos competiron pola presidencia peruana o 12 de abril. Nin un sÃ³ superaba o 12% de intenciÃ³n de voto nas enquisas previas, reflexo dunha desconfianza cara ao sistema polÃtico no seu conxunto (Directorio Lexislativo, 2026).

## Os candidatos Ã¡ segunda volta.

Con preto do 93% das actas procesadas no momento de redactar estas liÃ±as os resultados parciais sitÃ³an a Keiko Fujimori (Fuerza Popular) en primeiro lugar cun 17,60% dos votos vÃ¡lidos, seguida de Roberto SÃ¡nchez (Juntos por el PerÃ³) cun 11,97% e Rafael LÃ³pez Aliaga (RenovaciÃ³n Popular) cun 11,93% (ONPE, 2026). A diferenza entre o segundo e o terceiro posto non supera os 30.000 votos sobre un universo de mÃ¡is de 15 millÃ³ns de sufraxios emitidos nun recuento que leva, case unha semana, sen dicirmos que dous candidatos serÃ¡n presentados en segunda volta polas dificultades presentadas a hora de validar as actas presentadas en diversas zonas do PerÃ³.

### Keiko Fujimori: a candidata que non rende

Hai algo case fascinante na resistencia electoral de Keiko Fujimori. Por cuarta vez en quince anos, a filla do expresidente Alberto Fujimori encabeza o escrutinio nunhas elecciÃ³ns presidenciais peruanas. O fujimorismo transformouse e, a diferenza do seu paÃs, Keiko Fujimori intentou institucionalizar ese partido en fronte da idea de movemento lÃ¡quido que o seu pai mantiÃ³a. Esa estrutura partidaria, con presenza nacional real, militancia activa e representaciÃ³n parlamentaria estable, Ã© o que lle permite conseguir un 17% case invariable dende hai quince anos, sen importar demasiado o contexto.

Os seus bastiÃ³ns estÃ¡n na costa norte do paÃs e en amplas zonas da selva, rexidÃ³ns onde o aparato de Fuerza Popular ten mÃ¡is dÃ©cadas de implantaciÃ³n territorial. O seu voto Ã© relativamente homoxÃ©neo por toda a xeografÃ¡a, o que a diferenza dos candidatos con apoios mÃ¡is concentrados.

O seu programa de goberno xira en torno a dous conceptos que se repiten como un mantra: orde e estabilidade. En materia econÃ³mica, a proposta defende o modelo de libre mercado, a independencia do Banco Central de Reserva, a consolidaciÃ³n fiscal e a reorientaciÃ³n do gasto cara a sectores produtivos (GestiÃ³n, 2026a). Para a minarÃ¡a, sector chave da economÃ¡a peruana, propÃ³n distribuir directamente o 40% do canon mineiro Ã¡s comunidades afectadas, nunha tentativa de reducir a conflitividade social que xera a extracciÃ³n de recursos. No terreo da seguridade cidadÃ¡, a principal preocupaciÃ³n dos peruanos segundo todas as enquisas, propÃ³n aumentar o nÃ³mero de efectivos policiais, mellorar o seu equipamento e endurecer as penas contra o crime organizado (El Comercio, 2026a). En educaciÃ³n, contempla a construcciÃ³n de 2.000 novos colexios e a eliminaciÃ³n do que denomina a ideoloxÃ¡a de xÃ©nero dos currÃculos escolares.

O seu principal lastre Ã© o propio legado familiar e os anos de Fuerza Popular no Congreso. Investigada pola suposta recepciÃ³n de fondos de Odebrecht para financiar campaÃ±as pasadas, con tres fracasos consecutivos en segunda volta e un antifujimorismo que se mantÃ©n vivo o gran interrogante de cara ao balotaxe de xuÃ±o Ã© se poderÃ¡ ampliar ese teito histÃ³rico do 17%.

### Roberto SÃ¡nchez: o candidato que chegou dende o sur

Se hai un protagonista inesperado destas elecciones, ese Ã© Roberto SÃ¡nchez. O psicÃ³logo huaralino e exministro de Comercio Exterior durante o goberno de Pedro Castillo, chegou Ã¡ campaÃ±a cunha proposta que en Lima soaba a marxinal e que no interior rural do paÃs conectou cunha forza que os sÃ³ndeos previos non souberon anticipar. Nas primeiras horas do escrutinio, cando a ONPE procesaba fundamentalmente actas limeÃ±as, o seu resultado era modesto.

Conforme chegaban as actas da serra e da selva, o seu porcentaxe foi medrando ata superar a LÃ³pez Aliaga e instalarse no segundo posto (La RepÃ³blica, 2026).

Os seus bastiÃ³ns son as zonas rurais do interior, especialmente a serra sur e a selva, territorios onde o discurso castillista de reivindicaciÃ³n do PerÃ³ profundo ten maior arraigo. En Lima, pola contra, o seu apoio Ã© moi limitado.

O programa de Juntos por el PerÃ³ parte dun diagnÃ³stico radical: o modelo neoliberal estÃ¡ esgotado. A proposta central Ã© a convocatoria dunha Nova ConstituciÃ³n que devolva ao Estado a soberanÃ¡a sobre os recursos naturais, recupere a capacidade de regulaciÃ³n dos mercados e consagre un Estado social e democrÃ¡tico de dereito nun PerÃ³ definido como plurinacional e intercultural (Infobae PerÃ³, 2026d). En economÃ¡a, propÃ³n un modelo mixto no que o sector pÃ³blico e o privado coexistan, coa prioridade posta na produciÃ³n nacional e na defensa dos traballadores fronte ao capital transnacional, xunto con crÃ©ditos accesibles para as pequenas empresas e impulso Ã¡ agricultura familiar. En seguridade, aposta por un enfoque de dereitos humanos, a creaciÃ³n dun Sistema Nacional Integrado de InformaciÃ³n Criminal e a desarticulaciÃ³n das mafias desde a sÃ³a base financeira (Andina, 2026). En educaciÃ³n, propÃ³n aumentar as becas de pregrao, o programa Beca 18, e incrementar o orzamento das universidades e institutos pÃ³blicos. E, como bandeira irrenunciable, compromÃ©tese a liberar a Pedro Castillo, a quen considera vÃ¡tima dun complot golpista: âHa llegado el momento de la verdadera refundaciÃ³n de la patria: una patria soberana, justa y construida desde las bases del pueblo peruanoâ, declara SÃ¡nchez (CNN en EspaÃ±ol, 2026).

Se confirma o pase Ã¡ segunda volta, o balotaxe de xuÃ±o reproducirÃ¡a a mesma fractura territorial e de clase que fixo de 2021 un proceso histÃ³rico.

## LÃ³pez Aliaga: a ira como programa

Rafael LÃ³pez Aliaga, empresario e exalcalde de Lima, membro do Opus Dei e referente da ultradereita peruana, protagonizou desde a noite electoral un espectÃ¡culo polÃ¡tico que as misiÃ³ns internacionais de observaciÃ³n describiron con preocupaciÃ³n crecente.

Os seus bastiÃ³ns son fundamentalmente Lima e as grandes cidades costeiras, onde o seu paso pola alcaldÃ¡a da capital lle deu visibilidade e onde o discurso de orde e eficiencia xestora conecta mellor co electorado urbano. FÃ³ra do Ã¡mbito metropolitano, o seu apoio Ã© marcadamente mÃ¡is feble.

O seu plan de goberno para RenovaciÃ³n Popular defÃnese baixo unha concepciÃ³n humanista e cristiÃ¡, con Ã©nfase na familia como base do ben comÃ³n. En economÃ¡a, a proposta mÃ¡is chamativa Ã© elevar o crecemento anual do 2-3% actual ata o 7% mediante un *shock* de inversiÃ³n, a simplificaciÃ³n tributaria a xeraciÃ³n de dous millÃ³ns de empregos novos e a creaciÃ³n dun Banco Pyme (GestiÃ³n, 2026b). En seguridade, aposta por medidas de man dura: unidades itinerantes de pacificaciÃ³n cidadÃ¡, videovixilancia integral, ampliaciÃ³n do servizo de intelixencia, un convenio con Estados Unidos para extradiciÃ³n de cabecillas criminais e a utilizaciÃ³n das Forzas Armadas na loita contra o crime organizado (Infobae PerÃ³, 2026e). En canto ao Estado, propÃ³n unha reestruturaciÃ³n profunda co obxectivo de eliminar burocracia, reducir ministerios e crear un cÃ¡digo do servizo pÃ³blico con sancions por mal desempeÃ±o.

O problema Ã© que, cando os datos comezaron a mostrar que SÃ¡nchez o superaba no segundo posto, LÃ³pez Aliaga decidiu non aceptalo. Sen presentar probas, acusou de fraude aos organismos electorais, convocou os seus seguidores, esixiu a detenciÃ³n inmediata do xefe da ONPE e ameazou con convocar a âinsurgencia civilâ (El Comercio, 2026b).

## Que PerÃ³ emerxe destas elecciÃ³ns

Con case o 93% do escrutinio completado, o que estas elecciÃ³ns revelan vai moito alÃ³n dos porcentaxes. NingÃ³n candidato supera o 17% en primeira volta. Catro deles comparten entre o 11 e o 17% dos sufraxios. Oito de cada dez peruanos votaron por alguÃ³n distinto ao IÃ¡der da primeira volta. A fragmentaciÃ³n Ã© case matemÃ¡tica, e reflicte algo mÃ¡is profundo que a mera proliferaciÃ³n de candidaturas: Ã© a expresiÃ³n dunha desconfianza cidadÃ¡ cara ao conxunto do sistema polÃ¡tico que ningÃ³n candidato conseguiu mobilizar de xeito positivo.

A segunda volta de xuÃ±o presentarÃ¡, con case toda probabilidade, un escenario de polarizaciÃ³n intensa. Se o rival de Keiko Ã© SÃ¡nchez, o balotaxe reactivarÃ¡ a fractura territorial e de clase que definiu 2021. Se Ã© LÃ³pez Aliaga, o

antifujimorismo histórico seguir pesando, pero a dinámica será distinta. En cualquiera caso, o relevante nestas elecciones presidenciales es que o presidente que salga das urnas poida, por primeira vez en dez anos, lograr algo que parece sinxelo pero que en Perú es case imposible que se gobernar.

## Referencias bibliográficas:

Andina - Agencia Peruana de Noticias. (2026, 11 de marzo). *Elecciones 2026: conoce el plan de gobierno de Roberto Sánchez Palomino*. <https://andina.pe/agencia/noticia-elecciones-2026-conoce-plan-gobierno-roberto-sanchez-palomino-1062540.aspx>

CNN en Español. (2026, 15 de abril). *Quién es y qué propone Roberto Sánchez, el izquierdista que pugna por pasar a la segunda vuelta en Perú*. <http://cnnespanol.cnn.com/2026/04/15/latinoamerica/peru-candidato-izquierdista-roberto-sanchez-orix>

Directorio Legislativo. (2026, abril). *Perú. Elecciones presidenciales y legislativas 2026: informe preelectoral*. <https://alertas-v3.directoriolegislativo.org>

El Comercio (Perú). (2026a, 15 de abril). *Keiko Fujimori: estos son los motivos por los que pasará a segunda vuelta por cuarta vez y los hitos de su campaña*. <https://elcomercio.pe/politica/keiko-fujimori-estos-son-los-motivos-por-los-que-paso-a-segunda-vuelta-por-cuarta-vez-noticia/>

El Comercio (Perú). (2026b, 15 de abril). *Rafael López Aliaga denuncia fraude y pide que se declaren nulas las elecciones*. <https://elcomercio.pe/politica/elecciones-generales-2026-rafael-lopez-aliaga-denuncia-fraude-noticia/>

Gestión. (2026a, 12 de abril). *Keiko Fujimori a segunda vuelta: estas son sus propuestas sobre el gasto público, Petroperú, Mypes, minería y más*. <https://gestion.pe/economia/keiko-fujimori-a-segunda-vuelta-de-las-elecciones-generales-2026-propuestas-noticia/>

Gestión. (2026b, 12 de abril). *Rafael López Aliaga camino a segunda vuelta: cuáles son sus propuestas económicas*. <https://gestion.pe/economia/rafael-lopez-aliaga-de-renovacion-popular-camino-a-segunda-vuelta-propuestas-economicas-noticia/>

Infobae Perú. (2026a, 31 de diciembre de 2025). *¿Está el Perú al borde de otro colapso político en 2026?* <https://www.infobae.com/peru/2025/12/31/esta-el-peru-al-borde-de-otro-colapso-politico-en-2026/>

Infobae Perú. (2026b, 18 de febrero). *Crisis política en Perú: seis de los últimos ocho presidentes no llegaron al poder por elecciones*. <https://www.infobae.com/peru/2026/02/18/crisis-politica-en-peru-seis-de-los-ultimos-ocho-presidentes-no-llegaron-al-poder-por-elecciones/>

Infobae Perú. (2026c, 12 de abril). *Perú elige a su nuevo presidente entre 35 candidatos en una de las elecciones más complejas de su historia*. <https://www.infobae.com/peru/2026/04/12/peru-elige-a-su-nuevo-presidente-entre-35-candidatos/>

Infobae Perú. (2026d, 15 de abril). *Roberto Sánchez pasará a segunda vuelta junto con Keiko Fujimori: este es el programa de gobierno del candidato de izquierda*. <https://www.infobae.com/peru/2026/04/15/roberto-sanchez-pasaria-a-segunda-vuelta-junto-con-keiko-fujimori-estos-son-los-planes-de-gobierno/>

Infobae Perú. (2026e, 6 de abril). *Plan de gobierno de Renovación Popular 2026-2031: propuestas en economía, seguridad ciudadana, migración y salud*. <https://www.infobae.com/peru/2026/04/06/plan-de-gobierno-de-renovacion-popular-2026-2030/>

La República (Perú). (2026, 16 de abril). *Resultados ONPE en vivo: Sánchez supera a López Aliaga* [cobertura en directo]. <https://larepublica.pe/politica/2026/04/12/resultados-elecciones-2026-en-vivo-onpe-noticia/>

La República (Perú). (2026b, 25 de marzo). *Elecciones 2026: sin mayoría en el Senado, el próximo gobierno enfrentará el mismo ciclo de crisis*. <https://larepublica.pe/politica/2026/03/25/elecciones-2026-sin-mayoria-en-el-senado-el-proximo-gobierno-enfrentara-el-mismo-ciclo-de-crisis-hnews-961625>

Oficina Nacional de Procesos Electorales (ONPE). (2026, 16 de abril). *Resultados oficiales parciales: Elecciones Generales 2026* [base de datos en liña]. <https://www.onpe.gob.pe>

Peru Mira. (2025, 12 de outubro). *Peru (2016-2026): 8 presidentes en una década de turbulencias políticas*. <https://perumira.org/peru-2016-2026-8-presidentes-en-una-decada-de-turbulencias-politicas/>

## APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Latin America

## ETIQUETAS

Latinoamérica Peru Elecciones 2026

## INVESTIGACION

International Relations

### Date Created

April 17, 2026

### Meta Fields

**Autoria :** 109707

**Antetítulo :** O eixo electoral